

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARBO

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

APROBACIÓN DO PREZO PÚBLICO, POLA PARTICIPACIÓN NA ACTIVIDADE "ANDAINA DA LAMPREA" ORGANIZADA POLO CONCELLO DE ARBO

ANUNCIO

A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria que tivo lugar o día 22 de xaneiro de 2018 adoptouse o seguinte acordo:

“PRIMEIRO. Aprobar o seguinte prezo público por participación na actividade de “Andaina da Lamprea”:

PREZO PÚBLICO POR PARTICIPACIÓN NA ACTIVIDADE “ANDAINA DA LAMPREA”

Artigo 1.—Obxecto

Será obxecto deste prezo público a participación na actividade municipal denominada “Andaina da Lamprea” organizada e desenvolta polo Concello de Arbo, que ten lugar no mes de abril.

Artigo 2.—Obriga de pagamento

A obriga de pagamento do prezo público establecido nace dende o momento no que se formalice a inscrición na referida actividade municipal.

O pagamento do prezo público deberá efectuarse mediante ingreso no número de conta bancario que figura no formulario de inscrición.

A inscrición será nas oficinas municipais do Concello.

Coa inscrición correspondente deberá achegarse copia do xustificante de pagamento.

Artigo 3.—Obrigados ao pagamento

Quedan obrigados ao pagamento dos prezos públicos regulados, as persoas e entidades que soliciten a inscrición nesta andaina.

Dita obriga nace no momento da solicitude de participación na actividade e extingúrase co disfrute desta.



Xoves, 15 de febreiro de 2018

Núm. 33

Artigo 4.—Contía

A contía do prezo publico fíxase en 5 €.—por participante. Esta contía dá dereito a participar na Andaina e a Degustación dos produtos típicos do Concello de Arbo no Centro de Interpretación do Viño e da Lamprea.

Artigo 5.—Normas de xestión. Administración e Cobranza

5.1. Forma de pagamento

Mediante ingreso no número de conta bancario ES12 2080.5011.82.3040006781.

5.2. Baixas e devolucións

a) Poderán solicitarse por escrito 20 días antes do inicio da competición, procedéndose á devolución da cantidade entregada a conta.

En ningún caso se procederá á devolución do prezo pagado unha vez iniciada a prestación do servizo.

b) Cando por causas non imputables ao obrigado ao pagamento do prezo público, non se desenrole a actividade, procederá a devolución do importe que corresponda, previa petición da persoa ou entidade interesada, acompañando a súa petición o orixinal do xustificante de pagamento ou recibo acreditativo do pagamento realizado.

c) As débeda por prezos público poderán esixirse polo procedemento de constrinximento.

Artigo 6.—Normas complementarias

No non previsto no presente texto regulador e que faga referencia á aplicación, xestión, liquidación, inspección e recadación deste prezo público, estarase ao disposto na Lei Xeral Tributaria e demais lexislación de carácter local e xeral que lles sexa de aplicación; en especial o Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e o Regulamento Xeral de Recadación e demais normativa concordante.

Artigo 7.—Entrada en vigor

Os presentes prezos públicos e o seu texto regulador entrarán en vigor o mesmo día da súa publicación no BOP.”

SEGUNDO. Proceder a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.”

Arbo, 24 de xaneiro de 2018

O alcalde

Horacio Gil Expósito

